

A familia Tomé Loureiro (As Ranghas)

A represión xurdida en Pontevedra a raíz do golpe de estado do 36 afectou a varios membros da familia Tomé Loureiro, alcumada "das Ranghas". Pouco tempo despois do golpe, o 23 de xullo de 1936, foron detidos a nai, Aurora Loureiro, dous dos seus fillos e dúas fillas. En total tiña dez. Apresaron a Severino, Pepe, Mercedes e América, que tiñan 23, 21, 19 e 17 anos respectivamente, existindo unicamente constancia da militancia de Severino.

Para acadar a liberdade dos seus, o pai, Laureano Tomé Lage, tivo que pagar cuantiosas multas económicas. Laureano era socialista e, aínda que nunca foi detido, a súa familia cre que foi a súa ideoloxía, unida ao feito de que tiñan patrimonio, o que provocou a detención da súa muller, dos dous fillos e das dúas fillas.

No mes de setembro é apresada tamén outra das súas fillas, Olivia, de 24 anos. Rapárona e tatuáronlle na fronte o UHP. A tarde antes da súa detención, Olivia eludira o paso pola Peregrina da comitiva fúnebre dun falanxista morto na fronte. Para evitar ter que facer o saúdo fascista e cantar o Cara al sol, meteuse por outra rúa pero o seu xesto non pasou desapercibido polas autoridades e esa mesma noite levárona ao cuartel.



“Para non ter que levantar a man, a miña nai meteuse por detrás do Savoy. Pero vírona e deron parte dela, acusárona de dicir: ‘Así deberían ir todos’, pero ela sempre negou ter dito nada. Ás nove da mañá do día seguinte foron á nosa casa e rexistraron todo, ata as cinzas da cociña. Era setembro. A miña nai díxolles: ‘Se tivera algo, desde xullo tiña tempo de comelo e cagalo’. Iso si que o dixo porque ela non lles tiña medo. Nunca llo tivo. Revolvéronllo todo, non atoparon nada e levárona”. [Solita Mouriño Tomé, filla de Olivia].

Daquela facía o servizo militar no cuartel un rapaz que coñecía o home de Olivia, Manuel Mouriño Puga, que tiña un coche no punto de San José. O rapaz, temendo que foran darlle o paseo, pechouna nun cuarto e avisou Manuel de que fora esa noite intentar sacala. Logrouno ás dez da noite. Xa a raparan e tatuáranlle na fronte o UHP:

“Cando lle estaban cortando o pelo e queimándoa, o que lle cortaba dicía: ‘Si no estás quieta, te llenamos la cara de cruces’, porque, claro, era nitrato de prata, queimáballe e a miña nai non podía estar quieta. El díxolle: ‘Esta es de la que dice: hijos sí, marido no’ como quen que se deitaba con homes sen compromiso. Ela botoulle as mans á camisa e díxolle:

-Cantas veces fodín contigo?

-Ningunha.

-Pois entón que tes que dicir de min? Onde está ese Deus que non te mata? (Porque o home levaba medallas).

-E logo cres nel?

-Máis ca ti”. [Solita Mouriño Tomé, filla de Olivia].

Conta Solita que o capitán de asalto, Juan Rico, estaba no cuartel o día que raparon a súa nai e, ao ver como a trataban, Olivia atopouse mal e acabou vomitando no baño. Escoitou que os gardas comentaron: “Y a ese lo vamos a marcar con balas de fuego”. E matárono o 12 de novembro.

Olivia non estaba afiliada a organización algunha e, de feito, nin sequera sabía o que significaba UHP. Foi á Escola Normal, onde estaba detido o padriño da súa voda, o médico Tino Poza Pastrana, e preguntoullo. Foi el quen lle explicou que era o acrónimo de Uníos Hermanos Proletarios, o berro que adoitaba corearse nas manifestacións de esquerdas. Tino preguntoulle se lle doía moito a fronte e ela díxolle que si. “Eu podo darche unha crema para que non che quede marca pero eu non a quitaría” díxolle el, querendo que quedase constancia da barbarie do fascismo. Olivia fíxolle caso. Para calmar a dor, o médico aconselloulle que botara leite e o leite alivioulle as molestias pero a marca permaneceu.



Conta a súa filla que, anos despois, Olivia cruzouse pola rúa Riestra co home que a mancara e viu como el a sinalaba mentres lle contaba o que lle fixera a un home que o acompañaba. Ela cruzou a rúa, apartou o pelo da fronte e encarouse a el:

- “Si, mírame ben, que aínda se nota o que me fixeches.

O acompañante dixo:

- Non che ten medo.

E ela confirmou:

- Ningún!”.

Manuel Mouriño Puga, o home de Olivia, non estivo detido pero, como era condutor do punto, obrigábano a levar os cívicos nos seus paseos nocturnos:

“Como o meu pai tiña taxi, obrigábano a ir ás cinco e seis da mañá cos cívicos pasear á xente. Un día díxéronlle que tiña que ir a Pontecaldelas nun tempo moi curto. El díxolle que tiveran en conta o estado do camiño, cheo de pedras, e que podía pinchar unha roda. O Garda Civil, sen levantar a cabeza do papel no que escribía, díxolle aos cívicos: ‘Si tiene un pinchazo, le pegáis un tiro y lo dejáis en la cuneta’. O meu pai díxolle se tiñan quen levara o coche, dixeron que si, e díxolles: ‘Pois léveno e cando rematen, devólvenmo’. E levárono pero nunca máis llo devolveron”. [Solita Mouriño Tomé, filla de Olivia].

Para a familia, o móbil económico está tamén detrás da persecución sufrida por Aurora e os fillos:

“Á avoa fórona buscar e obrigáronlle ao avó a pagar mil pesetas por cada un: dous fillos, dúas fillas e a avoa. Iso daquela eran moitos cartos. Tivo que pedilos, porque na casa había moito patrimonio pero pouco metálico. PEDIULLO a unha irmá da súa muller, a tía Asunción, pero un dos fillos esa noite contouno todo na taberna, que se pedira cartos para sacar a familia do cárcere... e na taberna estaba un veciño, Emilio Caramés, que era moi amigo do avó, e levoulle un cheque en branco firmado: ‘Pon a cantidade que precisas’. Cando o avó foi pagar a multa díxéronlle que non soubera educar os seus fillos”. [Solita Mouriño Tomé, filla de Olivia].

Saíron todos do cárcere o mesmo día. Laureano morrería dez anos despois, en 1946, e Aurora en 1948. Para entón, a débeda aínda non estaba saldada de todo e no leito de morte pregoulle ás fillas que remataran de pagala, pois morría con esa marchoa. E remataron de pagar as fillas.

Durante os días que estivo presa, Aurora non facía máis que chorar, pregando que o seu home a sacara de alí canto antes. Marchara da casa co posto:



“Cando foron detela queriana levar sen vestir, así como estaba na casa, e ela díxolles que a deixaran subir un momento que quería ir medio decente. Metéronse na habitación. A miña avoa, que era baixiña, deuse a volta, encarouse con eles e díxolles: ‘Oian, na miña habitación entra o meu marido e ningún home máis. Póñanseme fóra, que me vou vestir e non os quero dentro da miña habitación’. Non lle deu tempo nin de coller un pano e cando chegou á Normal... non facía máis que chorar. Ían todos os días levarlle a comida e dicíalles: ‘Dille ao teu pai que faga o que sexa pero que me saque de aquí’. Choraba e dicía: ‘Non me deu tempo nin de coller un pano’. E o finado de Caamaño, o médico, que tamén estaba alí detido, díxolle: ‘non se preocupe, aquí ten o pano’ e deixoulle un pano limpo. No cárcere estaban Celestino Poza e dous fillos, José Luis Adrio, Germán Adrio... Tino aínda era parente porque Don Celestino era primo do meu avó paterno e Tino fora testemuña da voda dos meus pais”. [Solita Mouriño Tomé, filla de Olivia].

Olivia e Manuel casaron polo civil pero durante a guerra fixérono tamén pola igrexa. Despois da rapa de Olivia e da incautación do coche do punto, Manuel marchou como voluntario á guerra:

“Ao meu pai quitáronlle o coche, tiña que pagar casa e manter muller e filla, e foi voluntario. Estivo en Madrid. Pagábanlle cun soldo pequeno pero...”. [Solita Mouriño Tomé, filla de Olivia].

Alí casaron por recomendación dos compañeiros de Manuel:

“Casounos o cura de Navalcarnero. Casaron porque os compañeiros do meu pai dixeron que a guerra estaba a piques de rematar, que ía gañar Franco: ‘pasa algo... morres... e á túa muller e á túa filla non lles queda nada. Casa e polo menos teñen pensión’. E casaron”. [Solita Mouriño Tomé, filla de Olivia].

Di que cando volveron á casa, o cura de Mourente, Ignacio Triñanes, firme defensor do bando sublevado, mostrouse moi molesto porque casaran fóra da súa igrexa:

“Fixo un escándalo e cando foron bautizar un curmán meu non llo quería bautizar. El quería que foran casar a Mourente e facer un mitin cos rojos que casaban pola igrexa. Pero a miña nai díxolle: ‘se non o quere bautizar alá vostede, eu veño cumprir o deber de cristiá pero senón o neno está sentado no xulgado e non pasa nada’. E bautizoullo”. [Solita Mouriño Tomé, filla de Olivia].

Tamén obrigaron a alistarse no bando nacional aos irmáns de Olivia, Severino e Pepe. Os dous eran mestres. Severino chegara ao último exame das oposicións do 36, pero non llo recoñeceron, e Pepe tiñaas aprobadas. Os dous preparáranas co mestre Germán Adrio, un dos dez pontevedreses asasinados polos fascistas o 12 de novembro de 1936.

Severino sempre continuou moi implicado politicamente e volveu ingresar en prisión en xuño de 1948. O historiador pontevedrés Xosé Álvarez Castro, autor de



Pontevedra nos anos do medo explica que estaba afiliado a Izquierda Republicana e fora interventor da Fronte Popular nas eleccións de febreiro do 36. Ademais da detención de xullo dese ano, que o mantivo dous meses en prisión, o 5 de setembro é sancionado cunha multa de 125 pesetas, xunto a outros membros da familia, segundo a documentación oficial do réxime "por contestar de forma violenta á forza pública e non prestar colaboración ao exército". Anos despois volve ser detido por pertencer ao comité local do PC en Pontevedra e ingresa no cárcere de Vigo o 12 de xuño de 1948 a disposición do xulgado militar. O 30 de marzo de 1949 celébrase en Vigo o seu Consello de Guerra e é condenado a cinco anos de prisión menor por actividades subversivas equiparadas a rebelión militar. Ingresa no penal do Dueso o 25 de maio e, beneficiándose de indultos, queda en liberdade condicional o 19 de outubro de 1950.

"El sempre contaba que os avisaron de que colleran a outros e cantaran, deran algúns nomes. Di que a el o sacaban a Portugal pero a súa nai díxolle: 'Como vas marchar e deixar aquí as túas irmás?' Porque ela xa estaba moi enferma, así que se deixou prender pero se quixera quitábano a Porto... No cárcere de Santoña estivo moito tempo na enfermería porque estaba mal do estómago. Logo operárono. Non sei moito máis porque el sempre dicía que era perigoso revolver esas cousas e non falaba moito do tema". [Mayra Tomé Dacal, filla de Severino].

Severino casou despois de saír do cárcere. Coñeceu a súa muller, Manuela Dacal Núñez, porque era amiga da súa irmá América. Aínda que nacera no Barco, Manuela tiña unha irmá en Pontevedra que visitaba con frecuencia e nunha desas visitas, América deulle a dirección do Dueso para que lle escribira a Severino. Fíxoo e acabaron casando cando el saíu do cárcere. Máis nunca foi de todo libre, sempre estivo perseguido:

"Chegaba a Garda Civil ao lugar onde o meu pai traballaba de mestre e falaba co cura que era... ejem... menos bo, de todo. Había que cantar o Cara al Sol cando entraba ao colexio e o cura denunciábao, que el non cantaba. O meu pai dicía que lle mandaba aos nenos cantar porque o obrigaban pero que el non pensaba cantalo. Pasouno bastante mal con esas cousas. (...) Cando chegaba algún ministro ou viña Franco detíñano. E cando foi o atentado de Carrero Blanco el estaba de mestre nun lugar de León, Trabadelo, e levárono a Villafranca, ao cuartel". [Mayra Tomé Dacal, filla de Severino].

O asasinato de Carrero Blanco foi no ano 1973, trinta e sete despois do golpe militar, pero Severino seguía sinalado.

Pola contra, o seu irmán Pepe, tras ser obrigado a combater no bando franquista, chegou a oficial provisional.

En canto ao home de Olivia, durante a contenda levaba un ómnibus:



“Estaba en talleres e ía á trincheira levar soldados... repoñer os que caían. O bus estaba cheo de disparos dun día que os atacaron”. [Solita Mouriño Tomé, filla de Olivia].

Manuel combateu durante toda a guerra en Madrid, no bando contrario aos ideais familiares. Foise na Noiteboa do 36, xa rapada Olivia, e permaneceu ata o final da contenda. Viviron aí toda a guerra. Primeiro marchou el buscar casa, e despois foi Olivia. Solita pasaba con eles uns meses e logo volvía a Galiza, cos avós. Estiveron en Navalcarnero, Móstoles e a Casa de Campo. Foi un dos primeiros soldados do bando franquista en entrar en Madrid. Morreu axiña, en 1941, e Olivia tivo que sacar adiante a súa filla, soa.

Viviron trinta e cinco anos no barrio de San Roque, onde Olivia mantiña unha grande amizade con outra muller marcada pola guerra, Jesusa Telmo. A filla de Jesusa, Pura Beloso, fora a primeira muller de Ramiro Paz, outro dos pontevedreses asasinado o 12 de novembro de 1936 e foi ela quen criou o fillo maior do matrimonio, Ramiro Paz Beloso, e durante algúns anos tamén a Isidro, outros dos seus netos. Na dura posguerra, a situación de Jesusa era precaria e Olivia, que lle cosía, pensou nela cando o cura lle propuxo que usara o novenario pola memoria do seu home para axudar a quen o necesitara:

“Viviamos moi preto da señora Jesusa. A miña nai cosíalle e, cando morreu o meu pai, ela quixo facerlle un novenario pagando e díxolle o párroco de Santa Mariña: ‘mira filla, o mellor que podes facer é buscar unha persoa que o necesite, dáslle os cartos e que a vaia escoitar’. A miña nai foi onde á señora Jesusa, que o estaba pasando moi mal, e díxolle se podía ir oírle unhas misas ao seu home... Pois ía á primeira misa, ás sete da mañá, a pobre, en inverno...”. [Solita Mouriño Tomé, filla de Olivia].

Non foi a única relación das Ranghas con familias vítimas do 12 de novembro. América Tomé tamén forxou fonda amizade coa familia de Telmo Bernárdez, outro dos dez pontevedreses fusilados nesa data. Despois de quedar en liberdade, América adoitaba acudir ao cemiterio de Santo Amaro, deixar flores aos represaliados. A familia de Telmo Bernárdez quixo saber quen era a persoa que puña flores ao doutor, faláronlles de América e forxaron unha amizade que durou toda a vida. A familia do doutor exiliouse en México e, pasados os anos, América marchou a Río. Desde alí escribiulle á viúva do doutor, Isabel Gómez Costas, e esta viaxou a Río co seu fillo Telmo para intentar convencela de que fose a México con eles:

“Escribiulle desde Río dicindo que estaba alí e a nai estaba tola porque se casara con Telmo, pero non”. [Solita Mouriño Tomé, filla de Olivia].

Tamén mandaron á guerra ao mozo da irmá de Olivia, Mercedes, que era mestra. Chegou cun mes de permiso e pediulle casar pero ela tiña medo de quedar viúva e rexeitouno. Olivia intentou convencela: ‘Pódeche quedar un fillo, non sexas parva...’ pero non houbo forma. Non casou nunca.



Outra familia represaliada de Pontevedra coa que Olivia tiña moita relación era a familia Gama, porque a parada do coche de punto do seu home estaba pegada ao ultramarinos que logo lle incautarían aos Gama.

Tras o golpe de Estado, fusilaron a Faustino Gama e raparon a súa moza, Estrella Portela, e a súa irmá, Custodia, que estivo detida corenta días e foi obrigada a varrer as rúas de Pontevedra cun cartel no peito e nas costas que dicía: Comunista. Os seus irmáns, Manuel e Alejandro, estiveron encarcerados, sendo Alejandro un dos últimos presos políticos da guerra, e non conseguiu a liberdade ata os anos 60:

“Cando Alejandro saíu do cárcere e soubo que o meu pai morrera, veu á casa darnos o pésame á miña nai e a min”. [Solita Mouriño Tomé, filla de Olivia].

Como os Gama, a familia das Ranghas mantivo sempre as súa ideoloxía, a pesar do sufrido:

“Moita xente viu o que pasaba, á xente que mataban, colleu medo e arrimouse ao sol que máis quentaba, pero non todos. A miña nai non era política nin pensaba nesas cousas para nada pero fixéronlle iso e foi o peor que lle podían facer porque a radicalizaron”. [Solita Mouriño Tomé, filla de Olivia].

O día que morreu Franco, Severino tomou champaña e dixo: “por fin o levo por diante”. Sempre votou á esquerda. Estaba enfermo pero ía a muller levarlle os papeis para votar por correo porque non podía perderse o seu voto xamais e, cando os socialistas gañaron as eleccións de 1982, dixo “por fin entrou a esquerda no poder”. A pesar do cárcere e da persecución á que foi sometido, nunca conseguiron dobregalo. Nin a el nin a Olivia, que tantas veces se enfrontou aos fascistas no tempo do medo.